

ANEXO II

A produtora	<input type="text"/>	CIF nº	<input type="text"/>
representada por	<input type="text"/>	DNI	<input type="text"/>

respecto da convocatoria de axudas para apoiar actos de estrea e outras actividades dirixidas á posta en valor de producións audiovisuais galegas no ano 2008, do _____ DOG nº _____), recibiu a notificación da resolución pola que se lle concede unha axuda de:

- É para o acto de estrea da produción audiovisual.
- É para actividades dirixidas á posta en valor e participación das producións audiovisuais galegas en festivais nacionais ou internacionais de recoñecido prestixio.

Por iso, mediante este escrito cumpro co trámite previsto na referida convocatoria, ante a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, manifesto expresamente a ACEPTACIÓN da devandita subvención e asumo as obrigas correspondentes.

_____, de _____ de _____

(Sinatura)

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Orde do 10 de setembro de 2008 pola que se declara a alleabilidade dun inmovible situado no concello de Ponte Caldelas.

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dun inmovible no concello de Ponte Caldelas en virtude do expediente expropiatorio tramitado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para o establecemento dunha central de transportes.

Inscrito o inmovible no correspondente Rexistro da Propiedade procede declarar a súa alleabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o seu tráfico patrimonial.

Na súa virtude, por proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio,

DISPOÑO:

Artigo único.

Declárase a alleabilidade do inmovible que se describe a continuación:

Inmovible situado no concello de Ponte Caldelas que se describe segundo o rexistro como centro de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas,

cunha superficie total de 86.986 m² e situada no lugar da Reigosa que linda: norte, resto do predio da comunidade de montes veciñais en man común da Reigosa e camiño público; sur, estrada provincial EP-0004 e resto do predio da comunidade de montes veciñais en man común da Reigosa; leste, camiño público e estrada provincial EP-0004; oeste, parque empresarial do Campiño (Pontevedra). Inscrita no Rexistro da Propiedade de Ponte Caldelas no tomo 192, predio 9.130.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2008.

P.D. (Orde 18-9-2006)
M^a Inmaculada Viña Carregal
Secretaría xeral e do Patrimonio da Consellería
de Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E TRANSPORTES**

Orde do 15 de setembro de 2008 pola que se aproban inicialmente as directrices de ordenación do territorio de Galicia.

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, ten por finalidade establecer os

obxectivos fundamentais e crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial.

Entre os instrumentos creados pola dita lei figuran as directrices de ordenación do territorio de Galicia, que se configuran como un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que deben constituír o marco xeral de referencia establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade, integrando, se é o caso, as emanadas desde o Estado, así como as propostas que xurdan desde as entidades locais.

A formulación e aprobación das directrices de ordenación do territorio axustarase ao procedemento establecido no artigo 10 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

E así, de conformidade co disposto no artigo 10.1º da Lei 10/1995, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de febreiro de 1996, acordou iniciar o procedemento de elaboración das directrices de ordenación do territorio, que se publicaron no *Diario Oficial de Galicia* número 45, do 6 de marzo de 1997. Consonte o disposto nos números 2º, 3º e 4º do citado artigo 10, a consellería competente en materia de política territorial elaborou o avance das directrices, que foi remitido a todas as consellerías, á Administración do Estado, ás administracións locais e a máis de 500 entidades públicas e privadas para que achegasen cantas observacións, propostas e alternativas estimasen oportunas.

Analizadas as observacións e suxestións presentadas, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes redactou as directrices de ordenación do territorio e solicitou da Consellería de Economía e Facenda o preceptivo informe previo á aprobación inicial, que foi emitido en sentido favorable.

As directrices de ordenación do territorio elaboradas por este departamento conteñen as determinacións e a documentación exixida na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, e definen o modelo territorial de Galicia de acordo coas políticas territoriais da Unión Europea e tomando como referencia:

a) O desenvolvemento económico equilibrado e sustentable, para que Galicia se aproxime aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas.

b) A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades.

c) E a utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsables dos recursos naturais e a protección do ambiente.

As directrices de ordenación do territorio son obxecto de avaliación ambiental estratéxica, de con-

formidade co disposto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e os artigos 5 a 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. Para estes efectos, elaborouse o informe de sustentabilidade ambiental de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 9/2006 e segundo os criterios contidos no documento de referencia redactado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

De conformidade co disposto no artigo 10.5º da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a conselleira é competente para acordar a aprobación inicial das directrices de ordenación do territorio.

Por todo o anterior, e de acordo coa proposta da Dirección Xeral de Urbanismo,

DISPOÑO:

Primeiro.-Aprobar inicialmente as directrices de ordenación do territorio de Galicia, incluíndo o seu informe de sustentabilidade ambiental.

Segundo.-Publicar esta orde no *Diario Oficial de Galicia*, no BOE, así como en dous xornais dos de maior circulación na comunidade autónoma.

Terceiro.-Someter a información pública as directrices de ordenación do territorio aprobadas inicialmente con todos os documentos que as integran, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos establecidos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, e na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Durante o citado prazo, a documentación das directrices de ordenación do territorio, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, poderán ser examinados nos seguintes lugares:

a) Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

b) Dirección Xeral de Urbanismo.

c) E delegacións provinciais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Así mesmo, poderá ser consultada a documentación no enderezo electrónico <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2173>

Cuarto.-Someter as directrices de ordenación do territorio de Galicia, incluíndo o informe de sustentabilidade ambiental, ao trámite de audiencia á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma, as deputacións provinciais e os concellos de Galicia, e demais administracións públicas interesadas, co fin

de que no prazo de dous meses poidan presentar as alegacións e informes que estimen convenientes.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 22 de xullo de 2008 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por estudos para o curso 2008-2009 destinadas a funcionarios docentes non universitarios.

Advertidos erros na publicación da orde que se cita, efectuada no DOG nº 167, do venres 29 de agosto de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

No anexo I, débense engadir as seguintes persoas:

Licenzas por estudos concedidas para o curso 2008-2009 Profesores de ensino medio e outros

Modalidade	Apelidos	Nome	Desde	Ata
00	Doval Méndez	Anxela	1-12-2008	31-5-2009
00	Fernández Ferrín	José Eulogio	15-9-2008	14-9-2009
00	Groba González	Javier	1-1-2009	30-6-2009
00	Márquez Rodríguez	María Luisa	1-1-2009	30-6-2009
00	Torres Outón	Antonio Miguel	6-10-2008	5-4-2009
01	Castelao Mexuto	Manuel	15-9-2008	14-9-2009
01	Diéguez Ruibal	José Luis	15-9-2008	14-9-2009
01	Pérez Fernández	Julián Jesús	15-9-2008	14-9-2009
01	Prado Orbán	Xabier	15-9-2008	14-9-2009
01	Santamaría Recio	María Celina	15-9-2008	14-9-2009
01	Seoane Sánchez	María Isabel	15-9-2008	14-9-2009
01	Vilán Crespo	Luis	15-9-2008	14-9-2009

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 11 de setembro de 2008 pola que se modifica o artigo 16 da do 14 de febreiro (Diario Oficial de Galicia do 25 de febreiro de 2008) polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008. Código de procedemento IN223A.

Pola Orde do 25 de febreiro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás

corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, en réxime de concorrencia competitiva, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2008.

No artigo 16 da devandita orde establécese que as subvencións concedidas se farán efectivas unha vez que presente o beneficiario a documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2008.

Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas, e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o referido artigo, polo que

DISPOÑO:

A modificación, no referente ao prazo de presentación da documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención, do artigo 16 da Orde do 14 de febreiro de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, do seguinte xeito:

O prazo establecerase na resolución de concesión da axuda que, en todo caso, non poderá ser posterior ao 1 de decembro de 2008.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

Resolución do 18 de agosto de 2008 pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego (Diario Oficial de Galicia número 42, do 28 de febreiro).

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 20 das bases reguladoras da orde, procédese á publicación das subvencións concedi-